



LENDAS

Conta unha lenda que en Sobrado unha señora tiña unha finca. Un día apareceu un comprador e dáballe 1.000.000 de reais polo terreo, pero ela díxolle que era moito máis cara, e entón comentou o comprador:

-Oxalá que cando te levantes mañá, todo estea inundado.

-Non creo que sexa así -díxolle a vella rindo.

Ao día seguinte, cando a señora foi á finca, estaba todo inundado, e iso quería dicir que se cumprira a ameaza.

Así formouse a lagoa de Sobrado dos Monxes.

Outra lenda conta que unha señora levaba camiñando unhas horas cunha pedra moi grande ás costas. A señora, xa cansada, dixo:

-Oxalá que veña un lóstrego e te rompa pola metade.

Así foi, veu un lóstrego e aí está. É a Pena Moura, ¿Coñecédela?

Noelia Varela Puga. S1D.

HABELAS HAINAS

Foi a comezos do ano 1900.

Unha noite viña de Melide o muiñeiro da Fervenza, que lle chamaban Antonio, e no Espiño do Piñeiro aparecéuselle unha cousa que semellaba unha pantasma. Esta preguntoulle se quería ir por terra ou por aire, el contestou que por aire. Entón esa "cousa" deixouno no Espiño do Caruncho. Antonio non sabía onde se atopaba. Logo de andar e andar, chegou á casa de Pallar, alí atopou ao tío Xosé, quen o coñeceu, e díxolle se o levaba á casa (As Fervenzas).

Alí estaba a súa muller. Cando Antonio petou á porta, ela non o recoñeceu; e

do medo que ela pillou, caeu para atrás. Entón ofreceuse a andar de loito o resto da súa vida.

Por aquel entón, Henrique do Pito saía co meu avó polas noites. Meu avó contaba que Henrique saía da casa ben vestido e sempre chegaba co traxe feito tiras. El nunca soubo o que lle pasaba.

Pero estes contos non só pasaban a primeiros do século XX, senón que tamén a mediados. Conta meu pai que cando era mozo, unha noite, ía levar unhas canas de millo ás vacas co candil na man, e pola correioira arriba, alí no marco do campo, viu un reflexo de luz, el pensou que eran os veciños cun fachuco de pallas, cando se lle apareceu un muxiqueiro de lume ao seu arredor. Meu pai encomendouse á Virxe do Pilar, e a muxiqueira marchou pola restreba arriba. Por onde ela pasaba, arrincaba todo (toxos e carpazas), pasou por Montelén e ían Xesús e Manuel, cada un co seu feixe de millo. Xesús ía detrás e a

muxiqueira desfíxolle o feixe todo; chegou todo enfadado onda seu irmán. Viron seguir a muxica polo curral do Coto, que o viu Aurora, logo contan que tamén o viron en Sanmil.

Contos de antano, uns cren e outros non. Pero dicir din, que "habelas hainas"

Gloria Corral Cea. S1A.

A PENA GRANDE

Cerca da miña casa hai un monte que lle chaman a Pena Grande. Alí hai unhas pedras grandes, que teñen a marca da pasada dun cabalo que cruzou o río dun salto, e din que era o cabalo do Apóstolo Santiago.

